



C.E.I.P PLURILINGÜE VISTA ALEGRE

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai ou nai**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros tres representante de nais/pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016. O quinto será proposto pola ANPA do CEIP Plurilingüe Vista Alegre.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que está exposto nos taboleiros de anuncios do centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 19 de novembro**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se enviará ás familias. **As candidaturas poderán ser presentadas na Dirección do centro dende o día 9 ata o 16 de novembro ás 14:00 horas**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos: Será **o día 19 de novembro, ás 16:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade.

5.- As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos para a campaña electoral, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **Luns 26 de novembro, de 17'00 a 19'00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día na entrada do Edificio nº 2, en acto público, ás 16'45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Burela, 5 de novembro de 2018

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo: Gema Cillero García